

BASES REGULADORAS DA CESIÓN DO DEREITO DE USO DOS CAMPOS MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS

1. É obxecto da convocatoria a adxudicación de reservas nas instalacións deportivas municipais que se indican para o desenvolvemento de adestramentos e ligas oficiais de competición, así como para uso recreativo, durante a tempada deportiva 2017/2018.
2. A convocatoria vai dirixida a clubs e asociacións debidamente rexistrados, en posesión do CIF correspondente, e que participan en competicións oficiais organizadas por Federacións deportivas de Galicia, Federacións deportivas españolas, ou Asociacións de Clubs legalmente constituídas, así como para entidades, grupos ou persoas que o requiran para adestramentos non oficiais ou a práctica de deporte recreativo.
3. As instalacións recreativas municipais obxecto da convocatoria son:
 - a. Campo Municipal de Areas de herba artificial.
 - b. Campo Alfredo Bautista Alconero Rey (Complexo Deportivo de Pardellas).
4. Tipoloxía de uso. As solicitudes poderán formularse para usos de tempada, para o período estival así como para usos puntuais. Enténdese por usos de tempada, aqueles que abarcan o período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de maio, prorrogable previa solicitude ao 30 de xuño. Enténdense por uso estival, os que abarcan entre o 1 de xullo ao 31 de agosto. Os usos puntuais realizaranse de maneira concreta para cada instalación deportiva. Tanto os usos estivais como os puntuais tramitaranse directamente co traballador municipal a cargo da instalación municipal ou no Departamento de Deportes. Todos eles terán a consideración de usos privativos obxecto de autorización denominada nestas bases reserva.

5. Réxime económico a que quedan suxeitas as autorizacións de uso: Gratuíto.
6. Con carácter xeral os horarios de uso de adestramentos, a modo estritamente indicativo, en instalación obxecto da convocatoria, serán os seguintes:

Fútbol Federado en Competicións Oficiais: Categorías Base	De 16:00 a 20:30 horas
Fútbol Federado en Competicións Oficiais: Categ. Absoluta Fútbol Non Federado en Competicións Oficiais	De 20:30 a 00:00 horas

Nos días festivos os adestramentos quedan cancelados. As entidades que desexen adestrar nalgún festivo poderán, non obstante, solicitalo ao traballador municipal encargado da instalación ou ao Departamento de Deportes, quen poderá en última instancia autorizar o adestramento.

7. Os equipos que adestren nunha instalación municipal, e que así o soliciten, terán prioridade para xogar os partidos. Os equipos de fútbol base terán preferencia na fixación da hora de competición sobre o resto.
8. Con carácter xeral, terán preferencia aqueles equipos que non teñan campo de adestramento onde adestrar. Entenderase por campo de adestramento aquel que non sexa de céspede natural.
9. Ao obxecto de atender adecuadamente aos distintos colectivos de poboación interesados na práctica deportiva mediante o uso de instalacións deportivas municipais establécese como criterio xeral, a título indicativo, de reparto na asignación horaria do fútbol federado en competición oficial (categoría absoluta) e fútbol non federado en competición oficial, sinaladas nunha cláusula anterior, as seguintes porcentaxes.
 - a. O 90% do horario para deporte federado.
 - b. O 10% do horario para deporte non federado.

Nos caso de ocupación insuficiente en algunha de ambas franxas horarias, poderase, a criterio do Departamento de Deportes, modificar puntualmente e con carácter excepcional, as porcentaxes sinaladas.

2. Para poder optar á presente convocatoria será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a. A entidade (Federación, Club ou Asociación), grupo ou persoa física deberá ter o seu domicilio social no termo municipal do Concello de Ponteareas.
- b. Dispor do correspondente número de identificación fiscal.
- c. Cumprimentar tódolos datos específicos na **folia de solicitude (Anexo1)**.
- d. Aportar os documentos que acrediten os méritos de baremación.

3. O Concello resérvase a posibilidade de modificacións nas presentes bases no caso de que algún equipo tivese algunha necesidade que non estivese prevista nas mesmas, sempre de maneira xustificada.

4. As entidades beneficiarias asumen o compromiso de obtención previa a súa costa de cantas licencias e permisos requira o uso dos bens ou a actividade a realizar sobre o mesmo, así como o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e de entregalo, cando menos, no estado en que se recibe.

5. As entidades beneficiarias asumen a responsabilidade derivada da ocupación, tendo a obrigatoriedade de formalizar a oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía suficiente.

6. As solicitudes presentaranse no **modelo normalizado que figura como Anexo 1** no Departamento de Deportes do Excmo. Concello de Ponteareas, sito en Xardíns A Xiralda, s/n, 36860, Ponteareas, de luns a venres non festivos de 9.00 a 14.00 h.; ou ben no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Ponteareas ou en calquera das dependencias habilitadas para a recepción de solicitudes,

conforme o disposto no Art. 16,4 da Lei 39/2015, de 1 de OUTUBRO, de procedemento administrativo comun das Administracións Públicas

As solicitudes acompañarán aos documentos e información determinados na normativa, salvo que os documentos esixidos xa estiveran en poder de calquera órgano da Administración, en cuxo caso, o solicitante poderá acollerse a non presentar documentos que xa se atopen en poder da Administración, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia no que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

O prazo de admisión de solicitudes finalizará aos 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no “Boletín Oficial de Pontevedra” (BOP).

Non está permitido o uso de distintas denominacións na solicitude que representen ao mesmo equipo, grupo ou entidade. Para o caso de falseamento verificado de datos, total ou parcial, na cumprimentación da correspondente solicitude procederase a anulación da reserva á que tivese opción.

7. A adxudicación das reservas realizarase antes do prazo dun mes ao peche da convocatoria, de acordo co baremo de adxudicación que figura no Anexo 2 e tendo en conta o número máximo de horas e días de adestramento segundo o Anexo 3, notificándose aos interesados.

No tocante ao deporte base, se dúas ou máis entidades solicitan unha mesma instalación, as mesmas horas e días, a Concellería de Deportes trasladaralles as peticións de ámbolos clubs, co afán de que as devanditas entidades poidan chegar entre elas a un acordo que satisfaga as demandas de todos, tendo de prazo para isto cinco días hábiles dende a notificación por parte da Concellería de Deportes. En caso de que non se presentase unha proposta consensuada, a concellería de Deportes e, en última instancia, a Xunta de Goberno, determinarán o reparto de horarios, tendo en conta o número de equipos de cada entidade e das categorías de cada un deles, para dar cabida a tódolos equipos de fútbol base.

8. Para a adxudicación de reservas e horarios de uso en fins de semana terase en conta que, con carácter xeral, serán asignados para ligas deportivas de competición. Aos equipos, na medida do posible, se lles asignará unha xornada e horario de xogo, en función dos calendarios de liga e vixencia, para toda a tempada deportiva oficial; polo que en caso de modificación por parte dos Clubs, allea ao Departamento de Deportes, deberá ser resolta entre os delegados dos equipos afectados da mesma instalación e comunicado, con antelación a unha xornada deportiva, ao Departamento de Deportes.

O uso recreativo ou a celebración de competicións non federadas en competición oficial, en fins de semana, por entidades e particulares, terá a consideración a tódolos efectos de circunstancial, non podendo formalizar reservas por períodos superiores á semana natural na que se solicita. Con carácter xeral, a partires das 17 horas do venres, poderanse solicitar o uso circunstancial de horas libres.

9. A Concellería de Deportes do Concello de Ponteareas resérvase a facultade de modificar ou anular total ou parcialmente a reserva concedida por razóns debidamente xustificadas. As autorizacións poderán ser revocadas unilateralmente polo Concello en calquera momento por razóns de interese pública, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese pública ou menoscaben o uso xeral.

10. Os adxudicatarios de reservas de instalacións deportivas municipais comprométense ao estrito cumprimento das normas e procedementos establecidos de réxime interno. O Concello resérvase a facultade de inspeccionar os bens obxecto de autorización, para garantir que os mesmos son usados de acordo cos termos da autorización.

11. A presente convocatoria non exclúe de cantos outros convenios puidesen acordarse ou estiveran acordados co Concello de Ponteareas para a cesión de instalacións para o desenvolvemento da práctica deportiva.

No Campo Municipal de Areas teñen preferencia por convenio firmado en data 02 de decembro de 2014 os clubs con domicilio social na parroquia de Areas.

12. Aqueles clubs ou entidades deportivas que, tras presentarse ás bases, non obteñan horas de adestramento nalgún dos campos de herba artificial, poderán solicitar, a petición propia por escrito, horas e días nos campos de terra propiedade do Concello de Ponteareas.

13. Procedemento de concesión de horarios de adestramento para tempada. Será competente para resolver o procedemento a Xunta de Goberno Local. O Departamento de Deportes levará a este órgano toda a documentación enviada polas diversas entidades no prazo estipulado, onde se acordará unha proposta final de horarios de adestramentos. Neste punto da orde do día, ademais dos membros da Xunta de Goberno Local, poderán estar tamén outros membros con voz pero sen voto que asesoren, que sexan autorizados pola Concellería de Deportes.

Contra calquera erro detectado nas bases, poderá ser subsanado pola Xunta de Goberno Local no momento que mellor considere.

ANEXO 1

DATOS DE IDENTIFICACION DO CLUBE SOLICITANTE

Nome fiscal da Entidade:
Domicilio Social:
Teléfono: C.I.F. (*)
Email:

Localidade: _____ Código Postal: _____

MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA

Cargo Nome e Apellidos D.N.I./letra
Presidente/a
Vicepresidente/a
Tesorero/a
Secretario/a
Vocal

PRIORIDADE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS SOLICITADAS.

1.-

2.-

Sinatura / selo.

ANEXO 2
BAREMO DE ADXUDICACIÓN E CRITERIOS PARA A UTILIZACIÓN
DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE
HERBA ARTIFICIAL

DEPORTE FEDERADO EN COMPETICIÓN OFICIAL

FÚTBOL 11 CATEGORÍA ABSOLUTA

Se o número de solicitudes para adestramentos ou partidos de competición excedese a capacidade da instalación deportiva, establécense como norma xeral a seguinte prioridade:

1. Entidades que non teñan campo de adestramento propio.
2. Categoría deportiva.
3. Deporte feminino.
4. Antigüidade do club.
5. Número de socios do club.

Terán prioridade os equipos que non teñan campo propio de adestramento, ben sexa de céspede artificial ou de terra. En caso de que sexa un número maior do que as instalación poden albergar, terán prioridade os equipos de maior categoría na tempada 2016/2017. En caso de empate, terase en conta o que obtivese máis puntuación no apartado 3. Se se mantén o empate terase en conta quen obtivese sucesivamente máis puntuación no apartado 4 e 5.

FÚTBOL FEDERADO DE CATEGORÍAS BASE.

Terán preferencia aqueles clubs que non teñan campo de fútbol de céspede artificial onde adestrar.

O Concello notificará, segundo o dito anteriormente, ás diversas entidades solicitantes, sempre que soliciten a mesma instalación, horas e días de adestramento, as peticións dos diversos clubs, co fin de que cheguen ao consenso e eleven unha proposta conxunta. De non ser así, será o Concello o que reparta as horas de adestramento segundo o criterio que os membros da Xunta de Goberno estimen cando se lle eleven as diversas peticións.

FÚTBOL NON FEDERADO EN COMPETICIÓN OFICIAL

Se o número de solicitudes para adestramentos ou partidos de competición non federado en competición oficial excedese a capacidade da instalación deportiva, establécense como norma xeral a seguinte prioridade:

1. Entidades que non teñan campo de adestramento propio.
2. Promoción do Deporte feminino.
3. Antigüidade de adestramento en instalacións municipais.
4. Número de membros do equipo empadroados na vila de Pontearreas.

Terán prioridade os equipos que non teñan campo propio de adestramento, ben sexa de céspede artificial ou de terra. En caso de que sexa un número maior do que as instalacións poden albergar, terán prioridade os equipos femininos. En caso de empate, ou en caso de que siga habendo espazo nas instalación, dentro do 10 % de reserva para deporte non federado, terán preferencia aquelas entidades que no ano anterior estivesen adestrando xa nalgunha instalación municipal.

Con carácter xeral, aquelas entidades que unicamente soliciten xogar os partidos, terán preferencia as seguintes:

1. Entidades que non teñan campo de adestramento propio.
2. Entidades que teñan concedido horario de adestramento en instalacións municipais.
3. Promoción do Deporte feminino.
4. Antigüidade de adestramento en instalacións municipais.

ANEXO 3. NÚMERO MÁXIMO DE DÍAS E HORAS DE ADESTRAMENTO EN FRANXA HORARIA NOCTURNA

1.- Fútbol 11 (Categoría Absoluta).

Terceira División / 1ª División Nacional	4 días a campo completo
--	-------------------------

Feminina	/ 2 horas
Preferente Autonómica / 2ª División Nacional Feminina	3 días a campo completo / 2 horas
Primeira Autonómica / LGF 1ª Feminina	3 días a campo completo / 2 horas
Segunda Autonómica / LGF 2ª División Feminina	2 a campo completo / 2 horas
Terceira Autonómica	2 días a medio campo / 2 horas

2.- Fútbol non federado en competición oficial.

Fútbol 8 Veteranos	1 día a medio campo / 2 horas
--------------------	-------------------------------

ANEXO 4. NÚMERO MÁXIMO DE DÍAS E HORAS DE ADESTRAMENTO DE CATEGORÍAS BASE

Xuvenil	2 días / 2 horas / Campo Completo
Cadete	2 días / 1h 30' / Campo Completo
Infantil	2 días / 1h 30' / Medio campo
Alevín	2 días / 1h 30' / Medio

	campo
Benxamín	2 días / 1h 30' / Medio campo
Prebenxamín	2 días / 1h 30' / Medio campo
Minis	2 días / 1h 30' / Medio campo

**ANEXO 5.
NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**

- α) Con carácter xeral, deberase respectar en todo momento o indicado polos traballadores municipais encargados das instalacións.
- β) Deberase utilizar unha correcta indumentaria deportiva, é dicir, acorde ao deporte practicado.
- χ) Con carácter xeral, o número máximo de xogadores por espazo deportivo ou pista de xogo virá determinado polas normas específicas de cada modalidade deportiva.

- δ) Respecto ás luces do campo de fútbol, do seu acendido e apagado encargaranse os clubs concesionarios, a non ser que dende o Departamento de Deportes se lles comunique o contrario.
- ε) Os días de competición permanecerá pechado o campo para os usuarios que non tomen parte nela, nos horarios que se indicará convenientemente.
- ϕ) Non se poden empregar da botas con tacos de aluminio.
- γ) Non se pode entrar con goma de mascar no terreo de xogo.
- η) Respetaranse as instalacións e todos os elementos, evitando roturas, malos usos, desperfectos, etc.
- ι) Non se permite a entrada de animais.
- φ) Non se permite a entrada libre a menores de 14 anos se non vaian acompañados de persoas maiores de idade que asuman a súa responsabilidade.
- κ) No se permite comer nin fumar no terreo de xogo nin nos espazos deportivos colindantes.
- λ) Queda expresamente prohibido o consumo de bebidas alcohólicas en todo o recinto deportivo. Por razóns de convivencia quedan prohibidos os xogos molestos ou perigosos.

ANEXO 6. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS.

- a) Deportistas e técnicos seguirán en todo momento as indicacións dos empregados, usando os vestiarios que lles sexan asignados.
- b) En competicións e demais partidos, o delegado, monitor e/ou adestrador do equipo local será responsable da recollida e entrega das chaves do seu equipo, do contrario e dos xuíces-árbitros.
- c) Cando aos equipos, grupos ou usuarios individuais se lles facilite un vestiario ou armario con chave, esta daráselle á persoa que se faga responsable.
- d) A perda ou extravío da chave levará consigo o pagamento do cambio de pechadura, que custeará o responsable da dita perda.

- e) Queda expresamente prohibido introducir nos vestiarios calquera elemento de cristal ou similar (botellas, frascos, espellos, vasos, etc.) que poidan producir lesións aos usuarios en caso de rotura.
- f) Non se permite a entrada de animais.
- g) Será obrigatorio nas duchas o uso de calza adecuado por motivos de hixiene.
- h) Por razóns de convivencia quedan prohibidos os xogos molestos ou perigosos.
- i) Deberá evitarse gardar obxectos de valor nos vestiarios. En ningún caso o Departamento de Deportes se responsabilizará de perdas, extravíos ou desaparicións.
- j) A perda ou extravío da chave levará consigo o pagamento do cambio da pechadura, que custeará o responsable da perda.
- k) Á hora de abandonar os vestiarios, estes deben de estar nas mesmas condicións en que foron atopados. De producirse algún dano, débenllo comunicar ao encargado da instalación.
- l) As duchas e a auga destas empregaranse de forma responsable, tendo en conta que os recursos son esgotables.